

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE MARZO DE 2010**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezasete de marzo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA (que se incorpora á sesión no punto número 14/188 da orde do día), DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 10 de marzo de 2010.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase a desestimación do recurso de reposición presentado contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 24 de xuño de 2009, de concesión de licenza de obra e de instalacións da actividade dun umbráculo de compostaxe en Santa Engracia, Santa Comba.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a rectificación de erro no acordo número 2/69 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 3 de febreiro de 2009, polo que se concedía licenza de obras para legalización de nave para viveiro de plantas na estrada N-640, km 86,5, a Palloza - Santa María de Muxa.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para división de nave con licenza número 470/02 e parcelamento do predio en dúas parcelas sobre as que se sitúan as naves resultantes da división: parcela a, cunha superficie de 586,73 m<sup>2</sup>, sobre a que se sitúa a nave a de 586,73 m<sup>2</sup> construídos, e parcela b, cunha

## ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 10extractoxg13.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-3-2010

superficie de 577,69 m<sup>2</sup>, sobre a que se sitúa a nave b de 573,42 m<sup>2</sup> construídos, sita na rúa dos Canteiros, número 21; para demolición de edificación sita na avenida Marqués de Ombreiro, número 88; para construción de nave sen uso específico, na avenida Benigno Rivera; rehabilitación de vivenda unifamiliar tradicional sen cambiar a súa distribución, así como demolición de alpendre anexo, no núcleo rural tradicional de Outeiro-parroquia de San Vicente de Pedreda; para reposición de edificio con licenzas anteriores números 173/50 e 507/50, para adaptalo ó estado previo anterior a un incendio, sito no Camiño Real, número 114; para o recheo de terra e implantación de pradería artificial nas parcelas 173, cunha superficie de 4.500 m<sup>2</sup> de referencia catastral 27900a491001730000hy, e a parcela 216 cunha superficie de 2.150 m<sup>2</sup>, de referencia catastral 27900a491002160000hr, sitas no polígono 495 en San Vicente de Coeo; para ampliación de entresollado de uso privado, vinculado á planta baixa no edificio con licenza número 268/79, sito na ronda das Fontiñas, números 156-160; para modificación do proxecto con licenzas números 1286/07 e 845/08, para axuste as dimensións reais do soar, sen alteración nos usos, configuración e número de vivendas, na rúa Mondoñedo, número 43; para obras de mellora de elementos existentes no CEIP “Rosalía de Castro”, consistentes en, instalación de ascensor, adecuación de espazo para almacén, dúas novas aulas, ampliación da biblioteca e adaptación dun aseo para persoas con mobilidade reducida no edificio de ensinanza primaria, sito en solo urbano, na rúa Cambria s/n; para ampliación de dous ocios de ventá na fachada da vivenda unifamiliar tradicional, sita no núcleo rural tradicional de Fontela-Vilachá de Mera; para legalización de alpendre vinculado á vivenda unifamiliar con licenza anterior número 249/82, sito no núcleo rural tradicional de Toiriz-Santiago de Piúgos e para cambio de uso de local de centro de transformación a local sen uso definido, e outras modificacións na distribución da planta baixa do edificio con licenza número 1024/07, quedando a planta baixa con destino a garaxe (10 prazas), rochos, local de comunidade, cuarto de lixo, cuarto de instalacións, portal e local sen uso definido, na rúa Lamas de Prado, números 131-135.

Acórdase rectificar o erro producido no acordo adoptado pola xunta de goberno local en sesión celebrada o día 2 de decembro de 2009, no que se resolveu outorgar licenza de primeira utilización á edificación sita na rúa Río Eo - rúa Manuel Murguía -rúa Salmón.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas de primeira utilización: para a edificación sita na rúa Montirón 130, con licenzas de obra números 479/66, 648/96, 1548/09 e 166/2010 e para unha nave para almacén sita na estrada da Coruña 119, con licenzas de obra números 751/86 e 1724/09.

**ACTAS E GOBERNO**

LRP/cvr

Ref#: 10extractoxg13.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-3-2010

**3. XESTIÓN.-** Acórdase a declaración de ruína técnica no expediente contradictorio de ruína do inmovible 10 da rúa Tinería.

Lugo, 17 de marzo de 2010  
A CONCELLEIRA-SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Asdo.: María del Carmen Basadre Vázquez.